

IV. ENTIDADES LOCAIS

CONCELLO DE VILARDEVÓS

APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA E SANEAMENTO

O Pleno do Concello de Vilardevós, na sesión que tivo lugar o día 13 de agosto de 2025, aprobou provisionalmente a modificación do texto da seguinte ordenanza: Ordenanza fiscal da taxa pola subministración de auga e saneamento. O expediente foi sometido a información pública polo prazo de trinta días hábiles, de conformidade co disposto no artigo 17 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, mediante un anuncio no taboleiro de edictos do concello e no BOP de Ourense nº 162, do día 26 de agosto de 2025. Unha vez transcorrido o devandito prazo, sen que se teñan presentado alegacións ou reclamacións de ningún tipo, o referido acordo queda elevado a definitivo e publícase a continuación o texto modificado da ordenanza.

Ordenanza fiscal da taxa pola subministración de auga e saneamento.

Artigo 1. Fundamento e natureza

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e o artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co que dispoñen os artigos 15 ao 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, este concello establece a taxa pola prestación de servizos ou a realización de actividades administrativas de competencia local por “distribución de auga a domicilio incluídos os enganches á rede e outras instalacións análogas”, que se rexerá por esta ordenanza.

Artigo 2. Feito imponible

Constitúe a actividade municipal que se desenvolve con motivo da distribución de auga potable a domicilio e o enganche de liñas á rede xeral.

Artigo 3. Obriga de contribuír

A obriga de contribuír nacerá no momento de prestarse o servizo, logo da correspondente solicitude e autorización do Concello.

Artigo 4. Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades as que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, que soliciten ou se beneficien dos servizos a que se refire esta ordenanza.

Consideraranse substitutos do contribuínte os propietarios das vivendas ou locais aos que se lle preste o servizo, os cales poderán repercutir, se é o caso, as custas sobre os respectivos beneficiarios.

Artigo 5. Base imponible liquidable

A base deste tributo constituírase por:

- Na subministración ou distribución de auga: os metros cúbicos de auga que se consumirán no inmovible onde estea o servizo.



- Nas acometidas á rede xeral: o feito da conexión á rede para cada local comercial ou vivenda individual.

Artigo 6. Cota tributaria

A contía da taxa que regula esta ordenanza será a que se fixa nas seguintes tarefas:

1. O importe desta taxa, cando se trate de licenza ou autorización de acometida á rede xeral de abastecemento de auga a domicilio, percibirase por unha soa vez e ascenderá á cantidade fixa de 175 €.

2. O importe desta taxa de abastecemento de auga a domicilio esixirase de acordo coas seguintes tarefas:

- Unha cota fixa de 3 € cada 3 meses.
- Polo consumo de auga potable de 0 m³ a 20 m³, cada 3 meses: 0,30 €/m³
- Polo consumo de auga potable de 21 m³ a 30 m³, cada 3 meses: 0,40 €/m³
- Polo consumo de auga potable de 31 m³ a 40 m³, cada 3 meses: 0,60€/m³
- Polo consumo de auga potable de máis de 41 m³, cada 3 meses: 1,20 €/m³

3. A fianza para responder por obras que se realicen na vía pública será fixada polo Concello.

*A taxa recolle a subida do IPC.

A contía resultante da aplicación das anteriores tarefas incrementadas co tipo impositivo do imposto sobre o valor engadido que resultase da aplicación.

Artigo 7. Exencións, reducións e demais beneficios legalmente aplicables

Non se recoñece ningún beneficio tributario agás os que sexan consecuencia dos que se establecen nos tratados ou acordos internacionais, ou os que expresamente prevén as normas con rango de lei.

Artigo 8. Contador individual

1. Toda autorización para desfrutar do servizo de subministración de auga levará parella a obriga de instalar contador; deberá ser individual para cada vivenda, con acceso ao dito contador desde a vía pública e a unha altura de rasante de 0,80 ata 1,20 m e deberá de colocarse nun lugar visible para que permita a lectura do seu consumo.

2. Deberá de ir equipado con dúas chaves de paso, unha a cada lado do contador e a que está na saída ten que levar purgador e unha válvula de retención.

3. A acometida e o contador debidamente homologado, serán instalados polo usuario nas condicións que lle marque o Concello e a súa supervisión, previa ao funcionamento, do responsable municipal.

4. Colocarase unha chave de paso estipulada polo Concello, entre a rede xeral e o contador a unha profundidade máxima de 40 cm, a dita chave será de “cuadradillo” cun diámetro de 25 mm e cabezal cadrado de 3x3.

5. As avarías do contador comunicaránse ao Concello e a súa reparación será por conta do usuario.



Artigo 9. Saneamento e desaugue

1. O usuario está obrigado a conectar directamente ao pozo máis próximo.
2. Se houbera que cruzar a vía pública, será por conta do usuario, debendo de pagar unha fianza para o arranxo da dita vía, así mesmo, o Concello determinará o tipo de tubaxe que se vai usar.
3. A fianza mínima nomeada no punto anterior deste artigo será de 200 €.
4. Farase soamente un enganche por vivenda de saneamento.
5. O saneamento soamente se conectará as augas fecais, non se poderá conectar as pluviais sempre que exista este servizo.

Artigo 10. Usos permitidos

A subministración de auga a domicilio confírenlle ao usuario do servizo a facultade de consumir auga para usos domésticos e industriais, entendéndose por usos domésticos todas as aplicacións para atender as necesidades da vida e hixiene persoal, como a debida preparación de alimentos, limpeza persoal, doméstica e lavado de roupa.

Enténdese por uso industrial a subministración de auga e calquera local que non teña a consideración de vivenda, incluíndose neste concepto aquelas actividades instaladas ou anexas á vivenda, cortes, adegas, tendas, bares e semellantes.

Artigo 11. Usos prohibidos

1. Queda prohibida a utilización de auga da rede xeral e abastecemento para a rega de xardíns, fincas ou lavados de automóviles así como a utilización da auga para recheo de piscinas.
2. Está prohibido botar calquera tipo de vertido de orixe animal tanto ó saneamento como ás pluviais.

Artigo 12. Carácter precario da cantidade da subministración

1. O Concello en ningún caso garante a cantidade de subministración, que sempre terá carácter de precario para os usuarios, así como tampouco responderá nin se responsabilizará dos posibles danos, prexuízos ou estragos que puidesen causar nos bens dos mesmos a falta ou insuficiencia de caudal de auga.
2. O Concello, por resolución da Alcaldía, poderalle ordenar o corte da subministración de auga a calquera usuario que empregue a auga para usos prohibidos aos que se refire o artigo anterior e tamén por derivacións, avarías no contador non reparadas no prazo estipulado ou manipulación do mesmo.

3. A Alcaldía poderá ordenar o corte de subministración por falta de pagamento por parte do usuario de tres recibos consecutivos. A rehabilitación farase despois do pagamento da débeda.

Artigo 13. Responsables

1. Responderán con solidariedade das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios ou administradores das sociedades, interventores ou liquidadores de creba, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.



Artigo 14. Obriga de pagamento

1. A obriga de pagamento da taxa que regula esta ordenanza nace desde que se inicia a prestación do servizo e a súa facturación e cobramento realizarase coa periodicidade de 4 meses.

2. O pagamento da dita taxa efectuarase no momento da prestación da correspondente factura.

3. As débedas por esta taxa poderán esixirse polo procedemento administrativo de constrinximento, de acordo co Regulamento xeral de recadación.

Artigo 15. Infraccións e sancións tributarias

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do que establece esta ordenanza, ateranse ao que dispoñen os artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria e demais normativa aplicable.

Disposición última

O texto desta ordenanza fiscal substitúe e derroga ao da anterior e entrará en vigor e será de aplicación o día 1 de xaneiro do 2026, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresas.

R. 2.467

